

Fron da

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

nº 19

ano 3

novembro-decembro 2008

A documentación notarial (I) AS ORIXES DO NOTARIADO


Arredor de 1230, **Orraca Pérez** tratou cos **monxes de Oseira** a venda dos dereitos que ela tiña sobre a granxa de Saborín. Como as palabras vanse co vento e o que fica escrito permanece, pedíronlle a certo **Fernando** (probablemente un monxe bo coñecedor da arte de escribir) que elaborase o documento de compravenda. Un día de agosto daquel ano, Fernando, que neste pergamiño demostra ter un virtuoso dominio da escritura hoxe denominada **carolina**, redactou os termos deste negocio xurídico no que Orraca, ademais, doaba ao mosteiro a parte que tiña da Igrexa de San Miguel de Lobás. Na formalización da compravenda o mosteiro estivo representado pola súa máxima autoridade, o **abade don Fernando**, e ao acto asistiron varias **testemuñas** que coa súa presenza o validaron xuridicamente.

Fernando, que con anterioridade anotara en sucio os datos que debían figurar neste contrato de compravenda, pasou o texto a limpo sobre **pergamiño**, un soporte resistente para un documento que debía perdurar. Ao final do texto asumiu a responsabilidade da súa redacción (“Fernando qui notuit”, e dicir, “Fernando o anotou”) co que tamén garantía a veracidade do seu contido.

Finalmente, os monxes de Oseira gardaron celosamente o pergamiño no seu **arquivo** por se se precisase como proba no caso de que alguén puxese en discusión a xusta posesión dos dereitos do mosteiro sobre a **granxa de Saborín** e a **igreja de San Miguel de Lobás**.

O documento deste número de *Fron da* exemplifica ben como, desde a Idade Media ata a actualidade, a transmisión da titularidade dun ben adoita realizarse con certas garantías, é dicir, poñéndoo por escrito e en presenza de testemuñas. No proceso xeral de afianzamento da **seguridade xurídica**, desde finais do século XII comézase a acudir á figura do **notario** para que

dea fe de que os termos da transmisión de titularidade son certos e que o documento é **auténtico**, é dicir, que non foi manipulado, de xeito que o seu contido orixinal reflicte fielmente a vontade declarada polos outorgantes.



1230, agosto. Oseira.

Venda outorgada por Orraca Pérez ao abade do mosteiro de Oseira, dos dereitos que ten na granxa de Saborín, por sesenta soldos e doazón da parte que ten na igrexa de San Miguel de Lobás.

Orixinal; pergameo, latín, escritura carolina, 117 x 193 mm. AHPOu, Mosteiro de Sta. Mª a Real de Oseira, Carp. 10/10

De simple escribinte a notario

O actual notario ten remotos precedentes na antiga Roma, pero a súa verdadeira orixe está na **Idade Media**. Nesta época moitos actos xurídicos pasaron de ser simples **acordos verbais** entre dúas ou máis persoas (outorgantes) realizados ante testemuñas, para se materializar en **documentos escritos**.



Detalle do signo notarial dun documento datado o 16 de xullo de 1297 no que Martiño Miguelez, veciño de Cea, lle vende as súas herdades nesa parroquia ao Mosteiro de Oseira. AHP Ou, Mosteiro de Sta. Mª a Real de Oseira, Carp. 10/30 r.

Daquela eran moi poucos os que sabían ler e escribir, case exclusivamente eclesiásticos, polo que para redactar un documento había que recorrer a esta elite letrada. O escribinte ou **scriptor** plasmaba en pergamino a vontade dos **outorgantes**, consignaba o nome das **testemuñas** presentes e anotaba o seu nome (“Fernando qui notuit”) asumindo a responsabilidade do contido.

Como esta práctica de poñer por escrito os actos xurídicos foi en aumento desde finais do século XII, supuxo un paso transcendental no avance da seguridade xurídica das sociedades europeas, do mesmo xeito que o foi no XIII a transformación do **scriptor** en **notarium publicum** e a conversión da escritura en **instrumentum publicum**. Dito doutro modo, desde este momento o notario estivo dotado de **fe pública** e a escritura notarial gozou de pleno **valor probatorio**. Este feito ponse en estreita relación coa recepción do **Dereito Romano** operada en Europa desde finais do século XI.

A exclusividade do *signum*

Ao pe do documento, os primeiros notarios se guiaron anotando o seu nome, pero ao longo do século XIII xeneralízase o uso do **signum** notarial como elemento de validación. Ata ese momento a presenza das testemuñas era o que dotaba de valor probatorio ás escrituras; a partir de entón o signo converteuse no **elemento de validación** por excelencia, é dicir, o que lles

confería **valor de auténticas**.

Cada notario tiña o seu propio signo en exclusividade, como pode verse no detalle extraído do documento no que un veciño de Cea lle vende as súas herdades ao Mosteiro de Oseira en xullo de 1297. A este signo acompaña unha **fórmula** que os notarios adoitaban repetir con poucas variacións e na que indicaban o seu nome (“Eu Francisco Peres”), seguido da mención da circunscrición na que actuaban (“notario del Rey en terra d’Orzellom e de Castella”), e a asunción da autoría do texto (“escriví esta carta e fiz y meu sinal”) en proba de que o escrito se axustaba ao que alí se dixerá, vira e oíra.

O latexo das sociedades do pasado

O documento de compravenda, como o de Orraca Pérez co Mosteiro de Oseira, é unha das escrituras que ao longo da historia se elevaron a instrumento público con máis frecuencia. Pero ao igual que na actualidade, ao notario acudíase para formalizar outros moitos actos xurídicos, cada un dos cales deu lugar a unha amplísima **tipoloxía de escrituras** que, con algunhas variacións na súa redacción, seguen a ser autorizadas polos notarios de hoxe en día (testamentos, escrituras de poder, doazón, permuta, arrendamento, préstamo hipotecario...).

Co paso do tempo a institución notarial foi facéndose máis complexa e xerando máis documentos, polo que os poderes públicos emitiron **normas** para regulala. Grazas a isto a documentación notarial chegou ata hoxe nun estado de conservación aceptable, se se compara con outras fontes documentais, e desde principios do século XVI a información que proporciona é moi homoxénea territorial e socialmente xa que nas escrituras aparecen representados case todos os **grupos sociais**, tanto do campo como da cidade, se ben teñen máis presenza os de maior peso socioeconómico.

Os máis diversos asuntos sociais, económicos e mesmo políticos que afectaron a persoas, familias ou entidades públicas e privadas agardan pacientemente entre os milleiros de escrituras autorizadas durante séculos por notarios e escribáns a ser rescatados polas persoas usuarias dos arquivos. Son unha **fonte de gran riqueza** para o coñecemento do pasado desde moi variadas perspectivas que reflicte mellor que ningunha outra o **latexo da sociedade** de cada época.



© ARQUIVO HISTÓRICO PROVINCIAL
Rúa Hernán Cortés 2, 32005 Ourense
arq.prov.ourense@xunta.es

Texto: Francisco Sandoval Vereá. D.L. OU 67/2006; ISSN 2659-3491